

PROGRAMACIÓN 2019 – 2020

VIOLONCELLO

**GRAO ELEMENTAL E GRAO
PROFESIONAL**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
MARCO LEGAL.....	3
CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	4
GRAO ELEMENTAL	6
CRITERIOS DE CALIFICACIÓN NO GRAO ELEMENTAL	12
GRAO PROFESIONAL	14
CRITERIOS DE CALIFICACIÓN NO GRAO PROFESIONAL	26
AVALIACIÓN E CALIFICACIÓN	27
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	28
PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO	28
ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	29
TEMAS TRANSVERSAIS.....	32
TRATAMENTO DAS TIC.....	33
PREMIOS FIN DE GRADO	33
PROBAS DE ACCESO AOS DIFERENTES CURSOS DE GRAO ELEMENTAL	35
PROBAS DE ACCESO AOS DIFERENTES CURSOS DE GRAO PROFESIONAL	36

INTRODUCCIÓN

A presente programación didáctica foi realizada a partir do currículo oficial vixente e pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de violoncello durante os catro cursos do Grao Elemental e os seis do Grao Profesional dos ensinos de réxime especial de Música.

Para a elaboración desta programación, tívose en conta, en primeiro lugar, o Currículo Base, orientador e prescriptivo, do cal se tomaron os obxectivos xerais para concretalos nuns obxectivos didácticos específicos. Así mesmo, esta programación foi realizada en coherencia co Proxecto Educativo de Centro (PEC), de tal maneira que no seu deseño valoráronse coidadosamente as características e necesidades da comunidade á que vai dirixida.

MARCO LEGAL

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O conservatorio está situado no concello da Estrada a 25 km de Santiago de Compostela. A Estrada é un concello de preto de 22.000 habitantes, divididos en 51 parroquias que, exceptuando a parroquia da Estrada,

son de ámbito rural. Desenvolve a súa actividade económica no sector servizos e sobre todo nas explotacións agrícolas e gandeiras.

Por outra banda, a área de influencia do centro esténdese a un conxunto de comarcas lindantes e núcleos nas aforas, algúns deles pequenos, dispersos e de poboación máis reducida, dos que proceden unha parte dos alumnos. A Comarca de Tabeirós Terra de Montes en xeral e A Estrada en particular, goza dunha gran tradición cultural e musical. A Banda Municipal da Estrada conta con máis de 140 anos de historia nutríndose hoxe en día con practicamente a totalidade dos seus músicos formados ou formándose no noso conservatorio. Ademais outras agrupacións de distintas tradicións, grupos de música moderna, agrupacións de música tradicional, orquestras, charangas, bandas de música de concellos limítrofes, etc. nótrense, tamén, de músicos formados no Conservatorio da Estrada.

A proximidade a Santiago de Compostela e que esta sexa unha cidade de enorme tradición universitaria tamén condiciona que moitos alumnos accedan ao centro por traslado para cursar ao mesmo tempo unha carreira universitaria cos estudos de música.

As principais motivacións para o estudo neste centro son:

A obtención dun título que lles abra as saídas profesionais e que posibilite a posibilidade de estudo no Grao Superior de Música

A ubicación do CMUS.

A calidade da ensinanza.

En canto ao nivel de superación dos obxectivos establecidos nas programacións dos distintos departamentos, podemos cualificalo de notable tanto no Grao Elemental como no Grao Profesional.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes. Concluímos que ao ser este un centro de ensinanzas artísticas, o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.

GRAO ELEMENTAL

1º CURSO

OBXECTIVOS:

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco e as súas partes.
- Adquirir as posturas e posicións elementais da técnica do instrumento tratando de ser conscientes da relaxación das articulacións e do corpo.
- Memorizar e interpretar fragmentos musicais empregando medida e afinación axeitados ó nivel do curso.
- Amosar nos estudos e nos fragmentos musicais a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquisición das técnicas de estudo axeitadas que permitan a autonomía no traballo e na valoración do mesmo.
- Adquirir pouco a pouco o hábito da memorización e da interpretación en público como técnica de traballo.

CONTIDOS:

- O Violoncello e o Arco. As súas partes. Diferenzas cos demais instrumentos da familia das cordas.
- Identificación das catro cordas do instrumento:
 - Concepto de altura.
 - Imitación do son das cordas (entoación).
 - Identificación das cordas no pentagrama.
- Posición do violoncello. Concepto de relaxación e descanso.
- Man dereita:
 - Forma de coller o arco. Relaxación e firmeza.
 - Producción do son en cordas ao aire:
 - _ Uso do arco en toda a súa lonxitude e en metades.
 - _ Ritmos con arcadas variando a velocidade do arco.
 - _ Ligaduras de dúas notas.
 - _ Cambios de cordas.
- Man esquerda:
 - Numeración dos dedos.
 - Producción e identificación dos intervalos de 3ª, 4ª, 5ª e 8ª.
 - Concepto de escala, partindo das cordas ó aire (intervalos correlativos).
- Coordinación dos dous brazos.
- Interpretación de combinacións interválicas con diferentes ritmos.
- Interpretación de escalas en primeira posición: Do M, Sol M, Re M.
- Memorización de pequenos fragmentos musicais.

REPERTORIO ORIENTATIVO 1º CURSO:

G. E. Anderson, R. S. Frost: All for strings
S. Suzuki: volume I
S. Lee: Método Práctico
Antonio Cerviño Loira: Paseniño
Pezas de Sheila Nelson e outros autores.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Forma de avaliación continua.
- A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.
- Queda a criterio do profesor o nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco e as súas partes.
- Adquirir as posturas e posicións elementais da técnica do instrumento.
- 3 escalas e arpexos en primeira posición.
- 8 -10 pezas cortas ou estudos, dous deles de memoria.
- Unha audición pública.

2º CURSO

OBXECTIVOS:

- Desenvolver as posturas e posicións elementais da técnica do instrumento tratando de ser conscientes da relaxación das articulacións e do corpo.
- Memorizar e interpretar fragmentos musicais empregando medida e afinación axeitados ó nivel do curso.
- Amosar nos estudos e nos fragmentos musicais a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquisición das técnicas de estudo axeitadas que permitan a autonomía no traballo e na valoración do mesmo.
- Adquirir pouco a pouco ou hábito da memorización e da interpretación en público como técnica de traballo.

CONTIDOS:

- Man dereita:
 - Forma de coller o arco. Relaxación e firmeza.

- Cordas ao aire e cambios de cordas.
 - Uso do arco en todas as súas diferentes partes: Arco enteiro, metades, punta e talón.
 - Ritmos con arcadas variando a velocidade do arco, desenvolvendo a axilidade e soltura.
 - Ligaduras de dúas, tres e catro notas, na mesma corda e cambiando de corda.
 -
- Man esquerda:
- Numeración dos dedos
 - Producción e identificación dos intervalos de 3ª, 4ª, 5ª, 6ª, 7ª e 8ª.
 - Concepto de escala, partindo das cordas ó aire (intervalos correlativos).
 - Coñecemento e estudo da 4ª posición.
 - Cambio de 1ª a 4ª posición, discorrendo a man polo mástil deixando esvarar os dedos polas cordas.
- Coordinación dos dous brazos.
- Interpretación de combinacións interválicas con diferentes ritmos.
- Interpretación de escalas en 1ª posición: Do M, Sol M, Re M, LA M, Fa M, Si b M.
- Memorización de pequenos fragmentos musicais.

REPERTORIO ORIENTATIVO 2º CURSO:

- S. Suzuki: volume I e II.
- S. Lee: Método Práctico, leccións en 1ª posición e escalas.
- L. R. Feuillard: Método do xove violonchelista
- A. Cerviño Loira: Paseniño
- Pezas de Sheila Nelson (dúos, tríos) e outros autores.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Forma de avaliación continua.
- A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.
- Queda a criterio do profesor o nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco e as súas partes.
- Adquirir as posturas e posicións elementais da técnica do instrumento.
- 4 escalas e arpexos en primeira posición.
- 8 -10 pezas cortas ou estudos, dous deles de memoria.

3º CURSO

OBXECTIVOS:

- Desenvolver e aumentar a técnica do instrumento, tanto do arco como da man esquerda, coidando das posturas corporais que permitirán o desenvolvemento de dita técnica, tratando de ser conscientes da relaxación das articulacións e do corpo.
- Memorizar e interpretar fragmentos musicais empregando medida e afinación axeitados ó nivel do curso.
- Amosar nos estudos e nos fragmentos musicais a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquisición das técnicas de estudo axeitadas que permitan a autonomía no traballo e na valoración do mesmo.
- Adquirir pouco a pouco o hábito da memorización e da interpretación en público como técnica de traballo.

CONTIDOS:

- Man dereita:
 - Forma de coller o arco. Relaxación e firmeza.
 - Cordas ao aire e cambios de cordas.
 - Uso do arco en todas as súas diferentes partes: Arco enteiro, metades, punta e talón.
 - Ritmos con arcadas variando a velocidade do arco, desenvolvendo a axilidade e soltura.
 - Ligaduras de dúas, tres e catro notas, na mesma corda e cambiando de corda.
 -
- Man esquerda:
 - Numeración dos dedos.
 - Produción e identificación dos intervalos de 3ª, 4ª, 5ª, 6ª, 7ª e 8ª, coidando da correcta afinación.
 - Escalas, partindo das cordas ó aire ou non (intervalos correlativos).
 - Estudo e afianzamento da 4ª posición.
 - Cambio de 1ª a 4ª posición, discorrendo a man polo mástil deixando esbarar os dedos polas cordas.
 - Coñecemento e estudo da 2ª e 3ª posición.
- Coordinación dos dous brazos.
- Interpretación de combinacións interválicas con diferentes ritmos.
- Interpretación de escalas de Do M, Sol M, Re M, LA M, Fa M, Si b M, Mib M, nunha ou dúas oitavas.
- Desenvolvemento da memorización de fragmentos e textos musicais.
- Iniciación ó vibrato.

REPERTORIO ORIENTATIVO 3º CURSO:

S. Suzuki: volume II e III.

S. Lee: Método Práctico: leccións en 1ª, e noutras posicións (nº 1, 2, 3, 11, 13...) e as súas escalas.

L. R. Feuillard: Método do xove violonchelista

A. Cerviño Loira: Paseniño

Feuillard: Pezas con acompañamento de piano, volume 1º.

Torelli: Sonata en Sol M.

Pezas de Sheila Nelson (dúos, tríos) e outros autores.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Forma de avaliación contínua.
- A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.
- Queda a criterio do profesor o nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- 4 escalas e arpejos, algunha delas en distintas posicións.
- 3 estudos, un deles interpretado de memoria.
- 3 pezas, das cales unha será interpretada de memoria.
- Unha audición pública como mínimo.

4º CURSO

OBXECTIVOS:

- Desenvolver e aumentar a técnica do instrumento, tanto do arco como da man esquerda, coidando das posturas corporais que permitirán o desenvolvemento de dita técnica, tratando de ser conscientes da relaxación das articulacións e do corpo.
- Memorizar e interpretar fragmentos musicais empregando medida e afinación axeitados ó nivel do curso.
- Amosar nos estudos e nos fragmentos musicais a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquisición das técnicas de estudo axeitadas que permitan a autonomía no traballo e na valoración do mesmo.
- Ser especialmente coidadoso coa afinación e coa calidade de son.
- Adquirir pouco a pouco o hábito da memorización e da interpretación en público como técnica de traballo.

CONTIDOS:

- Man dereita:

- Técnica do arco: Calidade de son, flexibilidade, soltura e correcta distribución.
 - Exercicios de golpes de arco: Detaché, Staccato, Legato, Martellé, notas dobradas, tresillos.
 - Uso do arco en todas as súas diferentes partes: Arco enteiro, metades, punta e talón.
 - Ritmos con arcadas variando a velocidade do arco, desenvolvendo a axilidade e soltura.
- Man esquerda:
- Produción e identificación dos intervalos de 3ª, 4ª, 5ª, 6ª, 7ª e 8ª, coidando da correcta afinación.
 - Exercicios de velocidade e articulación (S. Lee).
 - Escalas en diferentes tonalidades con cambios de posición.
 - Estudo e afianzamento das catro primeiras posicións.
 - Cambios de posición entre as primeiras catro posicións.
- Coordinación dos dous brazos.
- Interpretación de combinacións interválicas con diferentes ritmos.
- Si Interpretación de escalas en dúas oitavas: Do M, Sol M, Re M, LA M, Fa M, Si b M, MibM, la m, mi m.
- Desenvolvemento da memorización de fragmentos e textos musicais.
- Desenvolvemento e estudo do vibrato.

REPERTORIO ORIENTATIVO 4º CURSO:

- S. Suzuki: Volume III.
- S. Lee: Método Práctico, 18 leccións en posicións.
- J. Dotzauer: 113 estudos, volume I.
- S. Lee: 40 Estudos Melódicos e Progresivos, volume I.
- Feuillard: Pezas con acompañamento de piano, volume 2º.
- A. Cerviño Loira: Paseniño
- Torelli: Sonata en Sol M.
- G. B. Brèval: Sonata en Do M, 1º movemento.
- B. Marcello: Sonatas para cello e continuo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 4º CURSO:

- Forma de avaliación continua.
- A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.
- Queda a criterio do profesor o nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.
- Cada trimestre o alumno deberá realizar alomenos tres escalas diferentes, tres estudos e unha peza das propostas no repertorio orientativo. Ó final de cada trimestre

o alumno tocará nunca audición unha das escalas e un dous estudos, a elección do profesor, ademáis da obra correspondente a ese trimestre.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Escalas e arpexos en dúas oitavas con cambios de posición.
- Tres estudos, un deles deberá ser interpretado de memoria.
- Tres pezas, unha interpretada de memoria.
- Unha sonata, concertino ou concerto
- Lectura a primeira vista dun fragmento corto de dificultade acorde ao nivel do alumno.
- Unha audición pública como mínimo.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN NO GRAO ELEMENTAL

Valorarase:

- Control da posición do instrumento e da toma do arco.
- Control do son e da afinación.
- Control das dinámicas e da articulación.
- Control dos golpes de arco.
- Control do ritmo.
- Calidade da interpretación e corrección técnica.

9 – 10

- Interpretación realizada con fluidez e seguridade técnica.
- Gran control do son e a afinación.
- Adecuación do tempo ao estilo das obras e correcto uso do fraseo.
- Sensibilidade para o detalle musical e correcta adecuación ao estilo das pezas.
- Impecable uso das dinámicas e a articulación.

7 – 8

- Interpretación realizada con seguridade.
- Bo control do son e a afinación.
- Tempo adecuado e mantido.
- Capacidade de resposta ao diferente estilo musical das pezas.
- Correcto uso das dinámicas e a articulación.

5 -6

- Interpretación correcta, seguridade xeral nas notas e o ritmo.
- Aceptable calidade do son e control da afinación.
- Tempo correcto e continuado.
- Mostras evidentes dunha adecuada preparación das pezas.

- Tecnicamente correcto.

4

- Interpretación insegura, sen continuidade.
- Erros na afinación e fallos na produción do son.
- Tempo inadecuado e falta de continuidade no mesmo.
- Falta evidente de preparación das pezas. Dificultade para recuperarse dos erros.
- Tecnicamente incorrecto.

2 – 3

- Interpretación fallida, grandes dificultades con notas e ritmo.
- Serios erros de afinación e falta de control do son.
- Incapacidade para manter a continuidade do discurso musical das pezas.
- Incapacidade para executar certas pasaxes, falta evidente de preparación das pezas.

1

- Non presenta ningún traballo.

GRAO PROFESIONAL

1º CURSO

OBXECTIVOS:

- Desenvolver e aumentar a técnica do instrumento, tanto do arco como da man esquerda, coidando das posturas corporais que permitirán o desenvolvemento de dita técnica, tratando de ser conscientes da relaxación das articulacións e do corpo.
- Memorizar e interpretar fragmentos musicais empregando medida e afinación axeitados ó nivel do curso.
- Amosar nos estudos e nos fragmentos musicais a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquisición das técnicas de estudo axeitadas que permitan a autonomía no traballo e na valoración do mesmo.
- Ser especialmente coidadoso coa afinación e coa calidade de son.
- Desenvolver o hábito da memorización e da interpretación en público como técnica de traballo.
- Desenvolver a capacidade de lectura primeira vista que permita a participación nun conxunto e ter acceso a un repertorio máis amplo.
- Desenvolver un método de traballo e estudo persoal para convertilo nun hábito permanente.

CONTIDOS:

· Man dereita:

- Técnica do arco: Calidade de son, flexibilidade, soltura e correcta distribución.
- Exercicios de golpes de arco: Detaché, Staccato, Legato, Martellé, notas dobradas, tresillos.
- Uso do arco en todas as súas diferentes partes: Arco enteiro, metades, punta e talón.
- Flexibilidade da man dereita mediante arpejos ou bariolaxe.
- Ritmos con arcadas variando a velocidade do arco, desenvolvendo a axilidade e soltura.

· Man esquerda:

- Producción e identificación dos intervalos de 3ª, 4ª, 5ª, 6ª, 7ª e 8ª, coidando da correcta afinación.
- Exercicios de velocidade e articulación.
- Escalas e arpejos en diferentes tonalidades con cambios de posición.
- Estudo e afianzamento das catro primeiras posicións. Iniciación á 5ª e 6ª posicións.
- Iniciación ó emprego do pulgar.
- Cambios de posición entre as primeiras seis posicións.

- Coordinación dos dous brazos.
- Interpretación de escalas en dúas ou tres oitavas: Do M, Sol M, Re M, LA M, Fa M, Si b M, Mib M, la m, mi m.
- Desenvolvemento da memorización de fragmentos e textos musicais.
- Estudo do vibrato.

REPERTORIO ORIENTATIVO 1º G. PROFESIONAL:

- S. Lee: 40 Estudos Melódicos e Progresivos, volume I.
- Feuillard: Pezas con acompañamento de piano, volume 2º.
- J. Dotzauer: 113 Estudos, volume I.
- A. Vivaldi: Sonatas para cello e continuo.
- B. Marcello: Sonatas para cello e continuo.
- G. B. Brèval: Sonata en Do M.
- B. Romberg: Sonata nº 1 mi m.
- J. Klengel: concertino en Do M.
- A. Vivaldi: Concertos para cello.
- Seitz: Concerto en Sol M.
- G. Fauré: “Sicilienne”.
- E. Elgar: “Chanson du matin”.
- R. Schumann: Traumerei
- S. . Suzuki: Volume IV.
- J. S. Bach: Pezas das suites para cello só.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Forma de avaliación continua.
- A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.
- Queda a criterio do profesor o nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.
- Cada trimestre o alumno deberá realizar alomenos tres escalas diferentes, tres estudos e unha peza das propostas no repertorio orientativo. Ó final de cada trimestre o alumno tocará unha das escalas e un dos estudos, a elección do profesor, nunha audición técnica. A obra correspondente a ese trimestre será interpretada noutra audición, pública ou de aula.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Conseguir un correcto vibrato.
- Escalas e arpexios en dúas oitavas.
- Seis estudos.

- . Tres obras, unha das cales será unha sonata ou un concerto. Unha das pezas, sonata ou concerto será interpretado de memoria.
- . Unha audición técnica como mínimo.
- . Unha audición pública como mínimo.

2º CURSO

OBXECTIVOS:

- Desenvolver e aumentar a técnica do instrumento, tanto do arco como da man esquerda, coidando das posturas corporais que permitirán o desenvolvemento de dita técnica, tratando de ser conscientes da relaxación das articulacións e do corpo.
- Memorizar e interpretar fragmentos musicais empregando medida e afinación axeitados ó nivel do curso.
- Amosar nos estudos e nos fragmentos musicais a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquisición das técnicas de estudo axeitadas que permitan a autonomía no traballo e na valoración do mesmo.
- Ser especialmente coidadoso coa afinación e coa calidade de son.
- Desenvolver o hábito da memorización e da interpretación en público como técnica de traballo.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista que permita a participación nun conxunto e ter acceso a un repertorio máis amplo.
- Desenvolver un método de traballo e estudo persoal para convertilo nun hábito permanente.

CONTIDOS:

· Man dereita:

- Técnica do arco: Calidade de son, flexibilidade, soltura e correcta distribución.
- Exercicios de golpes de arco: Detaché en diferentes partes do arco, Staccato, Legato, gran Legato, Martellé, Spiccato, Saltillo controlado...
- Uso do arco en todas as súas diferentes partes: Arco enteiro, metades, punta e talón.
- Flexibilidade da man dereita mediante arpeixos ou bariolaxe.
- Ritmos con arcadas variando a velocidade do arco, desenvolvendo a axilidade e soltura.

· Man esquerda:

- Exercicios de velocidade e articulación.
- Escalas e arpeixos en diferentes tonalidades, en dúas ou tres oitavas.
- Estudo e afianzamento das seis primeiras posicións.
- Estudo do pulgar e utilización en exercicios e escalas.
- Cambios de posición entre as seis primeiras posicións.

- Interpretación de escalas en dúas ou tres oitavas: Do M, Sol M, Re M, La M, Fa M, Sib M, Mib M, la m, mi m, si m, re m, sol m.
- Desenvolvemento da memorización de fragmentos e textos musicais.
- Perfeccionamento do vibrato.
- Iniciación e estudo de cordas dobradas: terceiras e sextas.

REPERTORIO ORIENTATIVO 2º CURSO G. PROFESIONAL:

- S. Lee: 40 Estudos Melódicos e Progresivos, volume I e II.
- J. Dotzauer: 113 Estudos, volume I e II.
- Vivaldi: Sonatas para cello e continuo.
- Marcello: Sonatas para cello e continuo.
- Romberg: Sonatas para cello.
- G. B. Brèval: Sonata en Do M.
- J. Klengel: Concertino en Do M.
- A. Vivaldi: Concertos para cello.
- G. Goltermann: Concerto nº 4 en sol M.
- Feuillard: Pezas con acompañamento de piano, volume 2º.
- R. Mendelssohn: "Canción sen palabras"
- G. Fauré: "Sicilienne".
- E. Elgar: "Chanson du matin".
- Saint-Saëns: "O Cisne".
- J. S. Bach: I suite para cello só.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Forma de avaliación continua.
- A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.
- Queda a criterio do profesor o nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.
- Cada trimestre o alumno deberá realizar alomenos tres escalas diferentes, tres estudos e unha peza das propostas no repertorio orientativo. Ó final de cada trimestre o alumno tocará unha das escalas e un dos estudos, a elección do profesor, nunha audición técnica. A obra correspondente a ese trimestre será interpretada noutra audición, pública ou de aula.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Dúas escalas e arpejos en dúas oitavas.
- Seis estudos.
- Tres obras, unha das cales deberá ser unha sonata ou un concerto. Unha das pezas ou o concerto será interpretado de memoria.

- Conseguir un vibrato correcto.
- Unha audición técnica.
- Unha audición pública.

3º CURSO

OBXECTIVOS:

- Desenvolver e aumentar a técnica do instrumento, tanto do arco como da man esquerda, coidando das posturas corporais que permitirán o desenvolvemento de dita técnica, tratando de ser conscientes da relaxación das articulacións e do corpo.
- Memorizar e interpretar fragmentos musicais empregando medida e afinación axeitados ó nivel do curso.
- Amosar nos estudos e nos fragmentos musicais a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquisición das técnicas de estudo axeitadas que permitan a autonomía no traballo e na valoración do mesmo.
- Ser especialmente coidadoso coa afinación e coa calidade de son.
- Desenvolver o hábito da memorización e da interpretación en público como técnica de traballo..
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista que permita a participación nun conxunto e ter acceso a un repertorio máis amplo.
- Desenvolver un método de traballo e estudo persoal para convertilo nun hábito permanente.

CONTIDOS:

- Man dereita:
 - Técnica do arco: Calidade de son, flexibilidade, soltura e correcta distribución.
 - Exercicios de golpes de arco: Detaché en diferentes partes do arco, Staccato, Legato, gran Legato, Martellé, Spiccato, Saltillo, Bariolaxe...
 - Uso do arco en todas as súas diferentes partes: Arco enteiro, metades, punta e talón.
- Man esquerda:
 - Exercicios de velocidade e articulación. Estudo de trinos.
 - Escalas e arpexios en diferentes tonalidades, en tres oitavas.
 - Estudo e afianzamento das seis primeiras posicións.
 - Estudo do pulgar e utilización en exercicios e escalas.
- Interpretación de escalas en tres oitavas en todas as tonalidades.
- Desenvolvemento da memorización de fragmentos e textos musicais.
- Perfeccionamento do vibrato.
- Estudo de cordas dobradas: terceiras, sextas e oitavas.

REPERTORIO ORIENTATIVO 3º CURSO G. PROFESIONAL:

Sevcik op 3 e 8

J. Dotzauer: 113 Estudos, volume II e III.

A. Franchomme: Estudos para cello.

J. L. Duport: 21 Estudos para cello.

A. Vivaldi: Sonatas para cello e continuo.

B. Marcello: Sonatas para cello e continuo.

G. B. Sammartini: Sonata en Sol M.

J. Goltermann: Concerto nº 4 en Sol M.

A. Vivaldi: Concertos para cello.

J. Klengel, B. Romberg, G. B. Brèval: Concertinos.

C. Saint-Saëns: "Allegro Apassionato".

R. Schumann: "Fantasiestucke" (primeira peza).

J. S. Bach: Suites I ou II para cello só.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Forma de avaliación continua.
- A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.
- Queda a criterio do profesor o nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.
- Cada trimestre o alumno deberá realizar alomenos tres escalas diferentes, tres estudos e unha peza das propostas non repertorio orientativo. Ó final de cada trimestre o alumno tocará unha das escalas e un dos estudos, a elección do profesor, nunha audición técnica. A obra correspondente a ese trimestre será interpretada noutra audición, pública ou de aula.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Dúas escalas e arpexos en 3 oitavas.
- Seis estudos, un deles de dobres cordas.
- Unha obra para violoncello solo.
- Tres pezas, unha das cales deberá ser unha sonata ou un concerto. Unha das pezas, a obra para violoncello solo ou o concerto deberá ser interpretado de memoria.
- Unha audición técnica.
- Unha audición pública.

4º CURSO

OBXECTIVOS:

- Desenvolver e aumentar a técnica do instrumento, tanto do arco como da man esquerda, coidando das posturas corporais que permitirán o desenvolvemento de dita técnica, tratando de ser conscientes da relaxación das articulacións e do corpo.
- Memorizar e interpretar fragmentos musicais empregando medida e afinación axeitados ó nivel do curso.
- Amosar nos estudos e nos fragmentos musicais a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquisición das técnicas de estudo axeitadas que permitan a autonomía no traballo e na valoración do mesmo.
- Ser especialmente coidadoso coa afinación e coa calidade de son.
- Desenvolver o hábito da memorización e da interpretación en público como técnica de traballo.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista que permita a participación nun conxunto e ter acceso a un repertorio máis amplo.
- Desenvolver un método de traballo e estudo persoal para convertilo nun hábito permanente.

CONTIDOS:

- Man dereita:
 - Técnica do arco: Calidade de son, flexibilidade, soltura e correcta distribución.
 - Exercicios de golpes de arco: Detaché en diferentes partes do arco, Staccato, Legato, gran Legato, Martellé, Spiccato, Saltillo, Bariolaxe...
 - Uso do arco en todas as súas partes: Arco enteiro, metades, punta e talón.
- Man esquerda:
 - Exercicios de velocidade e articulación. Estudo de trinos.
 - Escalas e arpexios en diferentes tonalidades, en catro oitavas.
 - Estudo do pulgar e utilización en exercicios e escalas.
 - Grandes cambios de posición: Saltos de oitavas.
- Interpretación de escalas en catro oitavas en todas as tonalidades.
- Desenvolvemento da memorización de fragmentos e textos musicais.
- Perfeccionamento do vibrato.
- Estudo de cordas dobradas: terceiras, sextas e oitavas.

REPERTORIO ORIENTATIVO 4º G. PROFESIONAL:

J. Dotzauer: 113 Estudos, volume II e III.
Sevcik estudos op. 3 e op.8

J. L. Duport: 21 Estudos para cello.
A. Franchomme: Estudos para cello.
A. Vivaldi: Sonatas para cello e continuo.
Caix D´Hervelois: suites nº 1 e 2
G. B. Sammartini: Sonata en Sol M.
L. v. Beethoven: Sonata en Fa M.
B. Romberg: Sonatas para cello.
G. P. Telemann : Sonata en LA M.
J. Goltermann: Concertos para cello.
A. Vivaldi: Concertos para cello.
L. Boccherini: Concerto en Sol M.
J. C. Bach: Concerto en do m.
J. Klengel, B. Romberg, G. B. Brèval: Concertinos e concertos para cello.
R. Schumann: “Fantasiestucke”.
G. Fauré: “Elegy”.
P. I. Tchaikovsky: “Nocturne”.
S. Rachmaninov: “Vocalise”.
Fitzenhagen: “Capriccio”.
J. S. Bach: Suites I ou II para cello só.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Forma de avaliación continua.
- A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.
- Queda a criterio do profesor o nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.
- Cada trimestre o alumno deberá realizar alomenos tres escalas diferentes, tres estudos e unha peza das propostas non repertorio orientativo. Ó final de cada trimestre o alumno tocará unha das escalas e un dos estudos, a elección do profesor, nunha audición técnica. A obra correspondente a ese trimestre será interpretada noutra audición, pública ou de aula.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Escalas e arpejos en 3 oitavas. Unha escala con traballo de dobles cordas.
- Seis estudos, un deles de dobles cordas.
- Unha obra para violoncello solo.
- Tres pezas, unha das cales deberá ser unha sonata ou un concerto. Unha das pezas, a obra para violoncello solo ou o concerto deberá ser interpretado de memoria.
- Unha audición técnica.
- Unha audición pública.

5º CURSO

OBXECTIVOS:

- Desenvolver e aumentar a técnica do instrumento, tanto do arco como da man esquerda, coidando das posturas corporais que permitirán o desenvolvemento de dita técnica, tratando de ser conscientes da relaxación das articulacións e do corpo.
- Memorizar e interpretar fragmentos musicais empregando medida e afinación axeitados ó nivel do curso.
- Amosar nos estudos e nos fragmentos musicais a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquisición das técnicas de estudo axeitadas que permitan a autonomía no traballo e na valoración do mesmo.
- Ser especialmente coidadoso coa afinación e coa calidade de son.
- Desenvolver o hábito da memorización e da interpretación en público como técnica de traballo.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista que permita a participación nun conxunto e ter acceso a un repertorio máis amplo.
- Desenvolver un método de traballo e estudo persoal para convertilo nun hábito permanente.

CONTIDOS:

- Man dereita:
 - Técnica do arco: Calidade de son, flexibilidade, soltura e correcta distribución.
 - Exercicios de golpes de arco: Detaché en diferentes partes do arco, Staccato, Legato, gran Legato, Martellé, Spiccato, Saltillo, Bariolaxe...
 - Uso do arco en todas as súas diferentes partes: Arco enteiro, metades, punta e talón.

- Man esquerda:
 - Exercicios de velocidade e articulación. Estudo de trinos.
 - Escalas completas en diferentes tonalidades, en catro oitavas.
 - Estudo do pulgar e utilización en exercicios e escalas.

- Interpretación de escalas completas en catro oitavas en todas as tonalidades con arpexios, cordas dobradas e golpes de arco.
